







VALORES HUMANOS E CRISTIÁNS

A dignidade humana

O valor da dignidade humana consiste en defender o dereito fundamental e inviolable que ten toda persoa a vivir ben, con respecto e xustiza.

1 Descifra e contesta.



«O  sempre tende a . (...) Comunicándoo, o  arráigase e . Por iso, quen queira vivir con  e plenitude non ten outro  máis que recoñecer o outro e  o seu » (Papa Francisco).

a) Que hai que facer para vivir con dignidade?

2 Que afirma a Declaración Universal dos Dereitos Humanos? Explica.

«Todos os seres humanos nacen libres e iguais en dignidade e dereitos».

3 Le, contesta e dialoga cos teus compañeiros e compañeiras.

Hoxe, a profesora de 6.º A explicoulle á clase a importancia que ten para as persoas practicar a dignidade:

—Todos debemos respectarnos uns a outros, valorarnos e aceptarnos tal como somos, coas nosas calidades e os nosos defectos. Así a convivencia na clase será boa.

a) Por que é importante que as persoas se respecten e se valoren?

b) Respectádesvos uns a outros na vosa clase?

c) Que calidades dos teus compañeiros e compañeiras aprecias máis?

d) Como practicas ti o valor da dignidade?